



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMP
Medida 4.1. Porcentaxe cofinanciamento medida: 85% FEMP e 15% Estado membro


RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVAS (EDLP) PRESENTADAS POLAS ASOCIACIÓNS CANDIDATAS SELECCIONADAS A GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP) 2014-2020

Antecedentes

1. O 16 de abril de 2015 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde de 6 de abril de 2015 (DOG Núm. 71 do 16 de abril de 2015) pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.
2. O 31 de xullo de 2015 a Conselleira do Medio Rural e do Mar resolveu seleccionar ás seguintes asociacións, candidatas a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativas: Grupo acción costeira "A Mariña-Ortega", Grupo de acción local do sector pesqueiro "Golfo Artabro Norte", Grupo de acción costeira "Costa da Morte", Grupo de acción costeira "Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia", Grupo de acción costeira "Ría de Arousa", Grupo de acción costeira "Ría de Pontevedra", Grupo de acción costeira "Ría de Vigo-A Guarda".
3. As asociacións candidatas seleccionadas asinaron convenios de colaboración coa consellería do Mar para a elaboración dunha estratexia de desenvolvemento local participativa na zona pesqueira, para o cal dispuxeron da denominada "axuda preparatoria" regulada no artigo 35 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.
4. Aprobado o Programa Operativo para España do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), as asociacións seleccionadas deben presentar as EDLP. Así, por acordo da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro de data 18 de novembro de 2015, estableceuse o prazo de presentación das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) das asociacións candidatas que remata o día 30 de novembro.

Fundamentos de dereito

1. De conformidade co Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello.
2. De conformidade co Regulamento (UE) 508/2014 (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMP
Medida 4.1. Porcentaxe cofinanciamento medida: 85% FEMP e 15% Estado membro

791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

3. De conformidade co Programa Operativo para España do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca aprobado por Decisión de execución da Comisión de 13.11.2015 C(2015) 8118 final, que establece unha lista de criterios de selección das estratexias de desenvolvemento local, así como os criterios obxectivos para a asignación de orzamento entre as EDLP relativos ao territorio, ao grupo e á estratexia.


4. De conformidade coa Orde de 6 de abril de 2015 (DOG Núm. 71 do 16 de abril de 2015) pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia, cuxo artigo 16.1 establece que as EDLP presentadas seleccionaranse unha vez aprobado o programa operativo para España do FEMP, e cuxo artigo 12 regula o comité de selección para as EDLP.

En base á disposición final primeira da orde de 6 de abril de 2015, **RESOLVO**

Primeiro: Establecer os criterios para a selección das estratexias de desenvolvemento local participativas que presenten as asociacións candidatas á GALP.

Para superar o proceso de selección, os candidatos deberán obter un mínimo de 50 puntos, sobre un total de 100 puntos, tendo en conta os seguintes criterios que se describen a continuación:

- 1) Diagnóstico e necesidades da zona. Máximo 12 puntos
 - a) Calidade análise DAFO. Identificación fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas, centradas en peculiaridades da zona.
 - b) Calidade e coherencia diagnóstico de necesidades. Principais necesidades e potencial da zona baseados na análise DAFO.
- 2) Proxecto de EDLP. Máximo de 40 puntos
 - a) Calidade e coherencia obxectivos estratexia. Descrición características integradas e innovadoras, xerarquía obxectivos, metas medibles en canto a produtividade e resultados.
 - b) Calidade e coherencia Plan de acción, demostrando que os obxectivos tradúcense en accións.
 - c) Incidencia no emprego, especial atención en crear novas oportunidades para mulleres e mozos-as.
 - d) Incidencia en conservación do patrimonio cultural e medioambiental costeiro do territorio.
 - e) Posibilidade de coordinación, cooperación, sinerxías e/ou complementariedade con EDLP adoptadas, baixo outros fondos estruturais.
- 3) Capacidade operativa do grupo. Máximo 36 puntos
 - a) Capacidade operativa para cumprir a EDLP: recursos humanos e técnicos dispoñibles, experiencia en xestión de programas de DLP financiados pola UE, definición de mecanismos de xestión, seguimento e avaliación de EDLP.



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMP
Medida 4.1. Porcentaxe cofinanciamento medida: 85% FEMP e 15% Estado membro

- 4) Participación da comunidade na elaboración da EDLP. Máximo 12 puntos
- a) Calidade do proceso participativo na elaboración da estratexia.
 - b) Grao de consulta e participación local na elaboración da EDLP do sector pesqueiro.

Segundo: Os criterios para asignar un orzamento indicativo entre as EDLP das diferentes zonas serán os seguintes:


- 1) Territorio. Valoración máxima de 100 puntos.
- a) Dimensión do territorio (superficie).
 - b) Tamaño da poboación.
 - c) Renda per cápita.
 - d) Densidade de poboación.
 - e) Índice de envellecemento.
 - f) Peso do sector pesqueiro.
 - g) Variación da poboación (1999-2013).

Empregarase os datos relativos ao ano 2013 agás no apartado c) que se referirán ao ano 2009

- 2) Características da organización. Valoración máxima de 50 puntos.
- a) Composición, participación e representatividade dos axentes do territorio.
 - b) Composición, participación e representatividade do sector Pesqueiro.
 - c) ~~Grado de execución del período 2007-2013 para grupos de acción local existentes para el desenvolvemento das zonas de pesca no marco do FEP.~~

O apartado c) só se aplicará aos grupos de acción local para o Desenvolvemento das zonas de pesca que implantarán plans estratéxicos zonais durante o período 2007-2013. Para os novos grupos candidatos, a puntuación do apartado c) repartirase proporcionalmente entre los dous primeiros (a) e b)), para obter una puntuación final de 50 puntos.

- 3) Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa. Valoración máxima de 100 puntos.
- a) Calidade análise DAFO. Identificación de fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas, centradas en peculiaridades da zona.
 - b) Calidade e coherencia diagnóstico de necesidades. Principais necesidades e potencial da zona baseados na análise DAFO.
 - c) Calidade e coherencia obxectivos estratexia. Descrición características integradas e innovadoras, xerarquía obxectivos, metas medibles en canto a produtividade e resultados.
 - d) Calidade e coherencia Plan de acción, demostrando que os obxectivos tradúcense en accións.
 - e) Incidencia no emprego, especial atención en crear novas oportunidades para mulleres e mozos-as.
 - f) Incidencia en conservación do patrimonio cultural e medioambiental costeiro do territorio.
 - g) Posibilidade de coordinación, cooperación, sinerxías e/ou complementariedade con EDLP.



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMP
Medida 4.1. Porcentaxe cofinanciamento medida: 85% FEMP e 15% Estado membro

- adoptadas, baixo outros fondos estruturais.
- h) Capacidade operativa para cumprir a EDLP: recursos humanos e técnicos dispoñibles, experiencia en xestión de programas de DLP financiados pola UE, definición de mecanismos de xestión, seguimento e avaliación de EDLP.
 - i) Calidade do proceso participativo na elaboración da estratexia.
 - j) Grao de consulta e participación local na elaboración da EDLP do sector pesqueiro.

Esta resolución publicarase na páxina web [www. www.xunta.es/mar](http://www.xunta.es/mar).

Contra esta resolución que non esgota á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Mar, nos prazos e termos recollidos nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a partir do día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo dos recursos que o interesado estime procedente.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2015

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



Susana Rodríguez Carballo